

Consumópolis19

SÚMATE Á ENERXÍA RESPONSABLE

DOCUMENTO DE AXUDA

Benquerido/a amigo/a:

Este documento resolve as dúbidas máis frecuentes que poidan xurdir ao longo do concurso e que farán que esta grande aventura na cidade do Consumo Responsable che preste ao máximo. Se tes algunha pregunta despois de leres o texto, pódeste poñer en contacto connosco en: consultas.consumopolis@consumo.gob.es

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

1. Contrasinais

Lembrar os contrasinais (tanto o do equipo como o teu propio) é fundamental para o desenvolvemento de todo o xogo. Memorízaos ou, se cómpre, anótaos nalgures fóra do alcance de calquera persoa. Os contrasinais son persoais e privados, polo que che aconsellamos que non llos comunique a ninguén. De se coñecer os contrasinais dos compañeiros de equipo, deberase actuar con prudencia e non os divulgar fóra do grupo.

2. Correo electrónico dos profesores

Ao te rexistrares, vai con moito tino ao cubrires o campo Correo electrónico. Un erro en calquera dos caracteres impedirá que che chegue a información que cómpre que recibas, por exemplo, a confirmación do propio equipo, os boletíns informativos ou outras notificacións que a organización considere oportunas.

Pregámosche revises que o correo electrónico que escribiches é, letra por letra, o correcto antes de confirmárelo.

*Tanto os contrasinais como os enderezos de correo electrónico, ademais doutros datos, poden ser modificados ou corrixidos posteriormente, pero sempre é un esforzo e un atraso extra que se pode evitar se se teñen en conta estas mínimas medidas de seguridade.

PREGUNTAS FRECUENTES

1. Que é Consumópolis19?

Consumópolis19 é o concurso escolar organizado pola Dirección Xeral de Consumo e as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Principado de Asturias, Illas Baleares, Canarias, Castela-A Mancha, Cataluña, Extremadura, Galicia, A Rioxá, Rexión de Murcia, Comunidade de Castela e León, Comunidade de Madrid, Comunidade Foral de Navarra, País Vasco e a Comunidade Valenciana, e as Cidades de Ceuta e Melilla para o curso escolar 2023-2024.

Consumópolis19: leva por lema "**Súmate á enerxía responsable**" e está dirixido a mozos e mozas matriculados no terceiro ciclo de Educación Primaria, en todos os cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, incluídos os cursos de Formación Profesional Básica a partir da edición 2020-2021.

As actividades do concurso desenvolveranse a través da plataforma informativa de Consumópolis, a cal ten por enderezo www.consumopolis.es, e na que se pode seleccionar, entre as linguas oficiais do Estado (castelán, catalán, galego, éuscaro e valenciano), aquela na que se desexe participar no concurso.

2. Onde podo atopar instrucións para participar en Consumópolis19?

Na páxina principal do concurso, a mesma onde se atopa este documento de axuda, hai un acceso denominado Instrucións onde se detalla a mecánica de todas as partes do concurso.

3. Quen, como e onde se teñen que inscribir os equipos que queiran participar?

Os profesores e as profesoras son as únicas persoas autorizadas para rexistraren equipos. Existe unha sección expresamente habilitada para iso, «Rexistro», na que o docente terá que cubrir o cuestionario con todos os datos solicitados. Posteriormente, recibirá un correo electrónico mediante o cal poderá crear o seu contrasinal e validar a súa conta para que o seu equipo poida comezar a xogar.

4. Cantas persoas poden formar un equipo?

Cada equipo estará integrado por 5 alumnos do mesmo nivel escolar de participación e mais un docente que será o coordinador ou coordinadora responsable ao longo de todo o concurso.

En ningún caso se admitirán equipos dun número que non sexa de cinco participantes. No caso de que algún profesor estivese na situación de contar con equipos cun número inferior, pode completar este grupo con alumnos doutras clases, pero sempre dentro do mesmo ciclo escolar.

No caso dos Colexios Rurais Agrupados (CRA) que, polas súas especiais circunstancias xeográficas ou demográficas, teñan dificultade para formar os equipos só co alumnado do Terceiro Ciclo de Primaria, os devanditos equipos poderán completarse co alumnado dos demais ciclos de Primaria.

Un profesor pode coordinar un ou varios equipos, do mesmo ou de distintos niveis (por exemplo, poden coordinar un grupo en 5.º de primaria e dous en 2.º da ESO).

Os alumnos só poden formar parte dun equipo.

5. Que ocorre se algún dos meus alumnos ou das miñas alumnas non pode finalizar a súa participación?

Se, por causa de forza maior, un membro do equipo ten que abandonar o concurso, poderá ser substituído por outro, previa aceptación por parte da organización, que dará as instrucións precisas para proceder á inscrición do novo membro do equipo.

O novo alumno que substitúa o anterior continuará pola mesma fase do percorrido de casas que deixou o alumno anterior. É dicir, non comezará o percorrido desde a primeira casa e terá os puntos que o seu antecesor acadou ata o momento.

No caso de que o cambio de alumno se produza unha vez rematada a primeira fase do concurso (cando xa estea rematado todo o percorrido), o novo xogador contará do mesmo xeito con todos

os puntos obtidos polo compañeiro de equipo anterior e poderá proceder á segunda fase (Traballo en equipo) xunto co resto do equipo.
Só se permite un cambio de alumno por equipo.

6. Rexistrei o meu equipo, pero non recibín ningún correo electrónico de confirmación. Que teño que facer?

En condicións normais, se se rexistrou todo un equipo e o sistema indicou que o fixo correctamente, tería que chegar un correo electrónico ao enderezo indicado nos datos de rexistro para a súa revisión e validación.

No caso de que este correo electrónico non lle chegue, ten que escribir ao correo electrónico de consulta da organización e indicar a non recepción da confirmación, xunto co nome dado ao equipo e o centro escolar ao que pertence. Lembramos que o enderezo electrónico é consultas.consumopolis@consumo.gob.es. En moitas ocasións, este erro débese a un erro ortográfico (cambio ou substitución dalgunha letra) no rexistro do correo electrónico, caso no que o correo electrónico nunca chegará porque o correo indicado non existe.

7. Non lembro o meu contrasinal, como podo recuperalo?

No apartado “Acceso de coordinadores” o profesorado pode acceder aos datos dos seus equipos e alumnos.

Se se trata dun alumno que esquece o seu contrasinal: o alumno deberá comunicar o sucedido ao seu profesor e poderá crear un novo contrasinal dende o Panel de Coordinación.

Se é un profesor o que esquece o contrasinal: debes enviar directamente un correo electrónico a consultas.consumopolis@consumo.gob.es explicando que esqueciches o teu contrasinal ou que, por calquera motivo, non funciona. Dentro de aproximadamente 48 horas ofreceráselle un novo contrasinal.

8. Escribo o meu contrasinal correctamente pero o sistema dime que é incorrecto, que fago?

Ás veces pode ocorrer que ao configurar o teu contrasinal teñas espazos ou intercambiado caracteres, comprobe que estás escribindo o teu contrasinal correctamente.

Como no caso anterior, o alumno deberá informar ao seu profesor para que poida crear un novo contrasinal e, se é o profesor, deberá enviar un correo electrónico a consultas.consumopolis@consumo.gob.es indicando o seu nome, o seu correo electrónico e o contrasinal que está a usar. Dende a organización revisaremos todos os datos e daremos unha solución ao profesor.

9. Non me gusta o meu contrasinal, podo cambialo?

Non, un cambio de contrasinal realizarase exclusivamente nun caso comprobado de suplantación de identidade ou se, por problemas informáticos, algún dos caracteres do mesmo produce un erro.

10. Non quero participar no concurso, pero quero utilizar Consumópolis19 cos meus alumnos. É posible?

É. O acceso á plataforma para os profesores que non queiran participar no concurso estará accesible desde o 01/04/2024 ata o inicio da seguinte edición de Consumópolis.

Permite a profesores e alumnos accederen ao percorrido e ás distintas preguntas e probas de Consumópolis19 unha vez rematado o concurso.

Para accederen ao percorrido libre, os profesores e alumnos que xa estivesen inscritos poderán volver entrar co mesmo usuario e contrasinal. No caso de non estaren rexistrados, terán que seguir as instrucións de rexistro no punto 3 do documento de instrucións.

***IMPORTANTE:** Non se terá en conta a puntuación obtida polos participantes no percorrido de Consumópolis durante as datas fóra do concurso.

11. Cal é o sistema de puntuación?

A cidade virtual de Consumópolis ten dez probas que o alumnado ten que realizar. Non hai unha orde específica, o alumnado pode entrar nas probas na orde que desexe.

Para completar a primeira parte, cómpre que o alumnado puntúe en cada unha das dez probas:

- CHATBOT
- BOA MEMORIA
- DICIONARIO
- BLACK FRIDAY
- OS MEUS COLEGAS
- A CHAMADA
- VERDADEIRO FALSO
- O QUILOVATIO
- AS LÁMPADAS
- RECARGA O MÓBIL

IMPORTANTE: o alumnado pode volver entrar en cada unha das probas as veces que queira para mellorar a súa puntuación e, xa que logo, a do seu grupo.

A puntuación máxima total por alumno ou alumna e por proba é de 2500 puntos.

A puntuación máxima total por alumno ou alumna ao rematar as dez probas é de 25.000 puntos.

Os cadros que aparecen na viñeta de acceso a cada unha das probas simbolizan a puntuación obtida na proba.

- 0 cadros se a puntuación é 0.
- 1 cadro se a puntuación é entre 1 e 500 puntos (inclusive).
- 2 cadros se a puntuación é > 500 puntos.
- 3 cadros se a puntuación é > 1000 puntos.
- 4 cadros se a puntuación é > 1500 puntos.
- 5 cadros se a puntuación é > 2000 puntos.

12. Que ocorre se un membro do equipo non respondeu a todas as preguntas, pero o resto do equipo si o fixo?

Este equipo non superará a primeira fase.

Para rematar a primeira parte, cómpre que o alumnado puntúe en cada unha das dez probas.

13. Como me podó converter nun “Consumidor Experto” e “Consumidor Mestre”?

Na primeira parte do concurso (10 probas) o alumno ou a alumna pode obter certas vantaxes se acadada:

19.000 puntos totais: o alumno ou a alumna convértese en “Consumidor **Experto**”.

- O seu avatar loce unha medalla de prata.
- O seu avatar, xunto co nome de usuario, está visible durante unha semana na páxina de inicio do Concurso.
- O seu avatar dispón de novas posibilidades de configuración.

22.000 puntos totais, o alumno ou a alumna convértese nun “Consumidor **Mestre**”.

- O seu avatar loce unha medalla de ouro.
- O seu avatar, xunto co nome de usuario, está visible durante unha semana na páxina de inicio do Concurso.
- Gaña 1000 puntos.

14. Onde podó descargar a ficha virtual?

A data virtual pódese descargar polo persoal docente desde Acceso Coordinadores.

Só se pode descargar cando o traballo estea revisado e aprobado pola organización do concurso.

Unha vez descargado, o traballo non se pode modificar.

15. Como podó poñerme en contacto co órgano competente da miña comunidade autónoma?

Na páxina principal do concurso, a mesma na que atopaches este documento de Axuda, atoparás un acceso denominado Teléfonos e Enderezos dos Organizadores, onde se recollen os datos necesarios para que poidas poñerte en contacto co organismo competente da túa comunidade autónoma ou coa Dirección Xeral de Consumo, se fose necesario.